



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) PEÓNS FORESTAIS, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000003)

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: PROBA PRÁCTICA

En Ordes, a 9 de maio de 2024, sendo as dez horas reúnese na parcela 78 do Parque empresarial de Merelle, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) PEÓNS FORESTAIS, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000003)**, convocada por resolución de alcaldía nº 505/2024, de data 23 de abril de 2024.

Asisten:

- **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

- **Vogais:**

Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servicios especiais, persoal de oficios.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1ª.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escada de administración xeral, subescala administrativa..

Non asiste:

- **Vogal:**

María Mónica Iglesias Prego, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da Proba práctica relacionada coas funcións do posto a desempeñar.

O Tribunal propón como probas prácticas a realizar as actuacións seguintes:

1º. Utilización de maquinaria forestal: montaxe e desmontaxe de desbrozadora manual con disco de fío e montaxe e desmontaxe de desbrozadora manual con disco de cuchilla.

2º. Utilización de maquinaria forestal: montaxe e desmontaxe dunha máquina motoserra para cortar de madeira.

O tempo do que dispón cada aspirante para o desenvolvemento de cada Proba práctica é de 20 minutos.

A puntuación máxima que se pode obter nesta Proba práctica é de 10 puntos.

Valorada a Proba práctica realizada (coñecemento da maquinaria forestal, capacidade para a súa correcta e completa montaxe e desmontaxe, pericia e celeridade na súa execución), o Tribunal outorga as puntuacións seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
CANDAL BESTILLERIO JESÚS	***5421**	5,00
GOMEZ MARTIN, MIGUEL ANGEL	***5646**	2,50
JUNCAL PENA, RAMIRO	***5627**	6,50
PENA MARTINEZ, MARIA ISABEL	***6917**	2,50
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	10,00
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, DAVID	***0280**	2,50

(*) Resultarán eliminados os/as aspirantes que non cheguen á metade da puntuación máxima desta proba.

Seguidamente, o Tribunal declara que superan a Proba práctica os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
CANDAL BESTILLERIO JESÚS	***5421**	5,00
JUNCAL PENA, RAMIRO	***5627**	6,50
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	10,00

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección de valoración da Proba práctica poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

De conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) o Tribunal acorda convocar aos aspirantes para a realización da **proba de coñecemento da lingua galega, o día 14 de maio de 2024, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello de Ordes.**

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O presidente,
Javier Siro Suárez Rodríguez
(asinado dixitalmente)

A secretaria,
Pilar Rey Rodís.